

UNIVERSIDADE
DE VIGO

ESTATUTO DE
RÉXIME INTERNO DO
CORO UNIVERSITARIO DE VIGO




Universidade de Vigo

**ESTATUTO DE
RÉXIME INTERNO DO
CORO UNIVERSITARIO DE VIGO**

Aprobado en Xunta de Goberna do 18 de Xullo de 1995

EMBA
REGIÃO DA AMÉRICA DO NORDE
MAGALHÃES E MARSHALL
PARTE DA AMÉRICA



O Coro Universitario de Vigo créase por iniciativa da Universidade de Vigo, para ofrecer unha faceta cultural máis a todo o colectivo universitario e a través dela desenvólvense as súas inquietudes musicais e de expresión coral. Será totalmente afccionado, e os seus integrantes, agás o Director, non percibirán compensación económica algunha, salvo aquelas que por desprazamentos e/ou manutención acorde anualmente a Universidade como delas para as agrupacións culturais, deportivas, etc., cando as súas actuacións se produzan fóra do termo municipal de Vigo.

Pero para que este se consolide, faise necesario regulamentar estabulamente o seu desenvolvemento, delimitando responsabilidades, tanto do seu Director e coristas, como da propia Universidade.

DA UNIVERSIDADE

Artigo 1.º

OBRIGAS

- a) A universidade proveerá ós coristas das prendas de uniforme que esta acorde para as actuacións do Coro.
- b) Porá a disposición destes os medios de transporte necesarios para os desprazamentos ó lugar de actuación, cando esta se produza fóra do termo municipal de Vigo e sexa propiedade pola Universidade ou autorizada por esta cando sexa propia do Coro.
- c) Habilitará un lugar de ensaio permanentemente para o Coro, procurando que éste sexa o máis axeitado posible, tanto

no que se refire á comodidade nos ensaios dos seus integrantes como á sonoridade musical, etc.

d) Co obxecto de dar unha maior formación e experiencia no canto coral ós seus integrantes, así como prestíxio Coro e a Entidade que este representa, a Universidade promocionará intercambios corais con outras universidades ou entidades culturais públicas ou privadas.

e) Financiará a Dirección do Coro.

DA DIRECCIÓN TÉCNICO-ARTÍSTICA

Artigo 2.º

FUNCIÓNS

a) O Director será o máximo responsable do Coro na súa faceta musical e decidirá, segundo a preparación dos coristas nun momento dado, a conveniencia ou non dunha determinada actuación.

b) Cando se celebre un acto programado pola Universidade, propondrá á persoa responsable da súa organización, aquelas obras que considere máis axeitadas para dito acto, así como a orde de interpretación no programa.

c) Elixirá para cada ensaio as obras a interpretar que considere oportunas, evitando que por parte dos compoñentes do Coro haxa interferencias en tal labor, salvo que solicite a estes a súa opinión sobre o particular.

d) Supervisará co órgano competente da Universidade ou persoa en quen delegue, a proba anual que se faga ós novos aspirantes a integrarse no Coro.

e) Establecerá obxectivos de organización, formación e selección do Coro no seu aspecto musical.

f) Poderá vetar para actuacións ou permanentemente a aqueles membros do Coro que non cumpran un mínimo traballo e asistencia os ensaios. Esta decisión deberá ser ratificada polo Comité de Xestión e Organización.

DOS SEUS COMPOÑENTES

Artigo 3.º

ADMISIÓN

a) Tódolos anos, dentro do primeiro trimestre de cada curso, convocarase nos centros universitarios unha selección de novos membros que estean interesados en integrarse no Coro, despois de solicitado segundo propoña o Comité de Xestión e Organización.

b) O Coro Universitario estará formado principalmente polos Alumnos, PAS e Profesorado que estean matriculados ou traballando en calquera Centro dependente da Universidade de Vigo.

c) Os alumnos, PAS ou profesores que pertenceron ó Coro, poderán seguir formando parte del, aínda despois de causar baixa na Universidade, sempre que durante a súa estancia no mesmo tivesen un comportamento exemplar.

- d) Excepcionalmente poderán pertencer ó Coro persoas non vinculadas á Universidade, sempre que o Director estime que non están minimamente cubertas tanto en calidade como en número de voces, as necesidades das cordas en que está dividido, pola falta de incorporacións na prevista selección anual. Nembargantes, estes non poderán representar o 25% do número efectivo de coristas universitarios.

DOS CORISTAS

Artigo 4.º

DEREITOS

- a) A seren elixidos para os cargos que se establezan nos Estatutos.
- b) A vota-los seus representantes.
- c) A obter vestiaño e leva-lo nas actuacións.
- d) A actuar nos concertos programados, sempre que cumpran os mínimos de asistencia os ensaios, traballo e comportamento.
- e) Calquera outro dereito derivado do desenvolvemento dos Estatutos.

OBRIGAS

- a) A asistir ós ensaios.
- b) A actuar nos concertos oficiais que estableza a Universidade.

10

- c) A actuar nos concertos programados polos órganos previstos nos Estatutos.
- d) A un bo comportamento e cumprimento das indicacións do Director ou representantes, segundo os Estatutos.
- e) A leva-lo vestiaño en tódalas actuacións.
- f) A colaborar para o desenvolvemento do Coro en todo aquilo que se lle solicite.
- g) A asistir ós ensaios e o seu aproveitamento.
- h) A cumprir-las decisións do Director, e dos órganos establecidos polos Estatutos.

DOS REPRESENTANTES

Artigo 5.º

DELEGADOS

Os integrantes do Coro Universitario elixirán cada ano académico 4 delegados, un dos cales pasará a formar parte do Comité de Xestión e Organización. O xeito de elección acordarana en cada circunstancia os propios membros do Coro.

Serán funcións dos delegados, entre outras, as seguintes:

- a) Coordinar un réxime de actuacións, ben trimes-tralmente ou anualmente.
- b) Representa-los compoñentes do Coro.

11

- c) Informarse de calquera concurso, certame ou actuación ós que puidese acudir o Coro.
- d) Preservar-lo bo nome do Coro e da entidade á que representa, e fomentar un nexo fluído de comunicación e unión entre o Director, os seus compoñentes e a Universidade.
- e) Xestionar-los fondos provenientes da asistencia a actuacións en certames, concursos, etc., alleos á Universidade.
- f) Recabar información doutras Universidades ou entidades culturais, sobre posibles intercambios de información musical, actuacións corais, etc.
- g) Coordinar, se é posible, os preparativos tendentes á actuación do Coro, all onde se produza.
- h) Notificar ó Comité de Xestión e Organización, os nomes dos delegados que representen ós coristas, así como as funcións específicas de cada un deles.

DAS ACTUACIÓNS

Artigo 6.º

a) Actuacións oficiais universitarias

Tódalas actuacións programadas pola Universidade que teñan definido un día predeterminado de celebración, serán comunicadas por parte desta ó Director e por este ós membros do Coro, coa antelación suficiente para unha adecuada preparación e ensaio do programa que se acorde.

b) Outras actuacións

Aquelas actuacións alleas á Universidade que concerten os integrantes do Coro de común acordo co seu Director, deberán ser autorizadas previamente polo Comité de Xestión e Organización.

DOS ENSAIOS

Artigo 7.º

HORARIO

Os ensaios faranse como mínimo dous días á semana, sendo acordados previamente polos membros do Coro e o seu Director, tendo cada ensaio unha duración mínima de dúas horas cada día, non podendo ser interrompidos nin abandonados en ningún momento, salvo por causas de forza maior.

Comenzarán á hora en punto previamente acordada, non admitíndose a incorporación ós mesmos unha vez iniciados ata a primeira pausa que se produza. Só se permitirá un retraso ós ensaios de 15 minutos, salvo que os coristas xustifiquen previamente a imposibilidade de facelo á hora sinalada.

DO COMITE DE XESTIÓN E ORGANIZACIÓN

Artigo 8.º

Para a xestión e o desenvolvemento do Coro Universitario créase o órgano do Comité de Xestión e Organización que estará constituído por:

DA PARTE ECONÓMICA

- **Presidente:**
Vice-rector de Relaciones Exteriores ou persoa en quen delegue.

- **Vocal 1.º:**

Director técnico ou persoa en quen delegue.

- **Vocal 2.º:**

Representante nomeado polos conistas.

FUNCIÓNS

- a) Velará polo cumprimento dos Estatutos.
- b) Ratificará ou non a separación ou suspensión de calquera membro do Coro.
- c) Decidirá ou non a conveniencia dunha determinada actuación.
- d) Encargarase de solucionar os problemas e cuestións non especificadas nos Estatutos.
- e) Coordinará e planificará tódolos aspectos referentes ó Coro.
- f) Establecerá e propoñerá o Regulamento de Réxime interno do Coro para a súa aprobación.
As decisións do Comité tomaranse por unanimidade, salvo en casos moi específicos que afecten exclusivamente á Universidade, á Dirección do Coro ou ós propios conistas.
Reunirase polo menos unha vez ó mes.
Podrán asistir ás reunións do Comité, con voz pero sen voto, os delegados nomeados polos conistas.

Artigo 9.º

FONDOS PROPIOS

Agás polos actos estritamente de carácter institucional organizados polo Goberno da Universidade como Aperтура de Curso, Doutoramento Honoris Causa, Patrón Universidade, etc., e co obxecto de acadar fondos económicos propios e involucrar a toda a comunidade universitaria no seu desenvolvemento e sostemento, a parte o cobro por actuacións alichas á Universidade, a dirección do Coro poderá fixar o aboamento polos propios Centros dunha cantidade simbólica por cada actuación na que se solicite a súa presenza en celebracións patronais ou de calquera outra índole.

En tódolos casos será o Comité de Xestión e Organización o que fixe a súa conña.

DAS INFRACCIONES

Artigo 10.º

Serán consideradas infraccións graves, entre outras:

- a) A falta de respecto ou desconsideración ó Director e ós propios compañeiros do Coro, nos ensaios ou actuacións en público.
- b) Incita-los demais membros do Coro con comentarios despectivos ou enganosos tendentes o abandono do mesmo.

- c) Non comparecer a calquera actuación prevista con antelación á que aseguresse a súa asistencia, sen causa xustificada.
- d) A falta de asistencia a dous ensaios consecutivos ou tres intermitentes ó mes sen xustificación.
- e) Facer uso indebido ou descoñecido do estado do uniforme previsto para as actuacións, así como non usalo cando estas se produzan, sen causa que o xustifique.
- f) Abandonalo ensaio sen comunicar previamente a razón de dito abandono ó Director e sen o consentimento deste.

DAS EMENDAS Ó ESTATUTO

Artigo 11.º

Aprobado o presente Estatuto pola Xunta de Goberno da Universidade e entrado este en vigor, calquera emenda ou reforma ó texto que no futuro se queira incorporar por parte dos coristas ou calquera outra persoa que forme parte do organigrama do Coro, será presentada por escrito no Vicerrectorado de Relacións Exteriores, debendo ser avalada polo 75% dos seus membros, a cal seguirá as canles regulamentarias para a súa presentación a estudo polo órgano de goberno arriba indicado, podendo ser aprobada ou rexeitada por este.

Artigo 12.º

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

- a) A Asemblea do Coro estará formada pola totalidade dos seus integrantes, incluído o Director.
- b) Calquera proposta presentada á mesma será votada a man alzada, agás que calquera membro presente na asemblea solicite votación secreta.
- c) Todos os acordos que tome o Comité de Xestión e Organización, sexan do tipo que sexan, serán postos en coñecemento de dita Asemblea.
- d) Anualmente convocaranse por parte da Universidade, cursos de formación coral e de solfeo fundamental, así como de técnica vocal para os integrantes do Coro, estando especialmente deseñados e dirixidos a aqueles compoñentes do mesmo non formados musicalmente, e moi especialmente ás novas incorporacións de cada convocatoria.
- e) A Universidade procurará, na medida do posible, facilitar ós membros do Coro, a asistencia a actos musicais, ben facilitándolle invitacións para ditos actos ou calquera outro medio que considere idóneo.

DISPOSICIÓN FINAL

A Universidade resérvase o dereito a retirar-lo financiamento do Coro Universitario cando considere que este non cumpre os fins para o que foi creado.



ORGANIGRAMA DO CORO UNIVERSITARIO

